IRMIA

REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XLII
Nº 1061
De xuño a
xullo de 2024

Benia quen constrúe
a paz!

25 de xullo Unha matria, dez mil ríos, un futuro

A foto que fala

Paradoxos da vida

© Fotografías portada: Sebas Senande / El Progreso

O trasno

Daniel López Muñoz

Adelita

Nunha emisora de radio, para contextualizar aí atrás o trunfo de Claudia Sheinbaum nas eleccións mexicanas, puxeron digamos "aires típicos" daquelas terras, entre eles, o coñecido corrido "Adelita".

Ahá, "acertaron por contraste", pensei: como de naturalizado está que se Adelita marcha con outro hai que perseguila por terra e por mar, pero non de calquera maneira artesanal ou improvisada, vaites, nada de ir a remo ou en burra, hai que facelo como merece a circunstancia e a ofensa, "si por mar en un buque de guerra, y si por tierra en un tren militar". O final da persecución de Adelita quedaría recollido noutro bolero que cantaba con deleite Joan Báez (musa da canción protesta, activista da non violencia) hai unha manchea de anos, cando ninguén reparaba nestas cousas: aquel "preso número 9", ao que ían fusilar "porque mató a su mujer y a un amigo desleal", e nada de arrepentimento, pois o machiño, inflado de paixón, retrucaba ao padre confesor con aquel "la maté si señor y si vuelvo a nacer yo la vuelo a matar".

Feita esa conexión Adelita/Sheinbaum dei por suposto que tiña o artigo feito: como raios poñen a Adelita para musicar a vitoria dunha muller que seguro que gañou polo voto femenino de tantas Adelitas fartas de vivir nun país cun altísimo nivel de feminicidios. E menos mal que contrastei. Non tal! A líder esquerdista mexicana foi votada por un 62% dos electores homes pero só por un 56% das mulleres.

A perplexidade durou unha semana. (E deume tempo a repasar o debate sobre o sufraxio feminino entre Clara Campoamor e Victoria Kent nas cortes da II República, por se era de utilidade).

Cando deron polo miúdo os resultados das eleccións europeas fun de contado revisar os "microdatos". O axitador ultra e líder de "Se acabó la fiesta", alimentador de trolas en Telegram e Tik tok (ese alimento espiritual e intelectual dunha crecente porción da mocidade europea), que maldí as axudas a inmigrantes, pon en dúbida a violencia machista e prometía construír a prisión máis grande de Europa para meter dentro ao presidente socialista de goberno, ten un perfil de votante ben definido: o 75% son homes. E algo parecido pasa cos votantes de Vox. E ademais, son rapaces novos. Calculan os expertos que arredor dun 34% dos varóns novos nesa circunscrición única chamada Reino de España (Profunda) escolleron unha desas dúas opcións. Ide abrindo os paraugas.

As mulleres son o actual apoio das forzas de progreso, dos dereitos que igualan, da sensatez contra a tolemia. Veñen dunha infamia de séculos e saben o que se xogan; o que nos xogamos con certos xogos.

E Adelita? Pois Adelita hase fartar. É só cuestión de tempo. E collerá o timón da súa historia.

©Foto: https://cimacnoticias.com.mx/2023/07/26/mexico-registra-426-casos-de-feminicidio-en-2023/#gsc.tab=0

Editorial

Cara ao 25 de xullo: Unha *matria*, dez mil ríos, un futuro merecido

O país dos dez mil ríos do que falaba Cunqueiro merece, canda o seu idioma, mil primaveras máis.

Eses ríos, esas rías, a auga, son matriz, vida, símbolo deste país verde da fin da Terra. O desleixo e a contaminación da nosa auga é unha metáfora da deturpación do mellor que temos. Tal como se pon de manifesto na entrevista deste número, no país da auga temos un problema coa calidade e a cantidade da auga. Cómpre unha defensa activa. Outra máis.

O 25 de xullo que vén é celebración e reivindicación. A palabra "nacionalismo" sempre resulta polémica, principalmente porque se usa para designar realidades diverxentes. Desde Irimia temos reaccionado sempre en contra dos chamados - ou mal chamados, velaí o debate- "nacionalismos" de base supremacista, os que se constrúen desde unha visión dominadora ou expansiva. Van da man da uniformización, laminan as diferencias culturais, lingüísticas e institucionais, aliméntanse dun mito de conquista, cabalgan no lombo da riqueza, exclúen aos esfarrapados da historia.

O galeguismo político nace na outra beira desa historia: a dos subordinados e excluídas. É a aposta pola vida en diversidade: biodiversidade. Está na natureza e tamén nos ecosistemas políticos. Galicia e o pobo galego merecen toda a soberanía que o momento histórico e a paz entre os pobos admita. Mantemos a aposta de Pepe Chao[1]por unha actitude persoal coherente e firme, cun talante aberto: "o meu nacionalismo pretende ser tolerante, non excluínte, dialogante e sobre todo, moi paciente". Hai ben anos que Chao falaba de "Matria", máis que de "Patria", con todo o que ese cambio de xénero poida achegar de novidade.

> Unha actitude persoal coherente e firme, cun talante aberto, non excluínte, dialogante

Sobre ese camiño e esa Matria, permitímonos recoller aquí, entresacadas, unhas palabras de Xosé Luis Rivas, Mini, nunha homenaxe a Avilés de Taramancos[2]:

"Retomo o espazo entre a delicadeza e a resolución. Delicadeza pra sentir o amor, pra analizar a realidade con sentimento. Resolución pra entregarse a esa causa: a do amor á Matria, ás xentes deste noso amor. A resolución que inunda esa entrega, na certeza de que é só o camiño por andar o que interesa. A meta sempre será inalcanzable porque nese amor de perfección, a cada paso que andamos, afastamos outro tanto a consecución dos propósitos.

Aí está o quid da cuestión. A certeza do camiño. Construír un País. Unha Matria que sexa de todos, onde non caiban os ladróns, os corruptos nin a explotación do ser humano sexa legal e ben vista. Onde o aproveitamento sostible deste paraíso sexa o alicerce dunha vida feliz que se estenda, polo menos, aos fillos dos fillos dos nosos fillos. Onde o aire que respiremos sexa a atmosfera da igualitariedade. Onde só exista o amencer da esperanza colectiva. Onde sempre sexa primavera".

1 - En "Itinerario da conciencia galega". Laiovento. Santiago de Compostela, 2001

2 - https://www.nosdiario.gal/opinion/xose-luis-rivas-mini/certeza-do-camino/20170324112356055980.html

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

Non abonda con resistir

O dato máis importante destas eleccións europeas, ao meu xuízo, é o avance da extrema dereita en Europa, que xa toca poder en demasiados países e ameaza seriamente con facelo na propia UE.

Hai que salientar que, con todas as carencias, problemas, pasos atrás e contradicións que se queiran, a UE é hoxe a rexión do mundo onde se acadaron os niveis máis altos de benestar social e de servizos públicos, de exercicio dos dereitos individuais, de desenvolvemento democrático e de avances na igualdade. Sen esquecer, como ben detecta Amin Maalouf, que estamos ante un primeiro e gran proxecto político-institucional, unificador de múltiples e diferentes estados e nacións, que se consegue, non pola vía da conquista e da violencia, senón mediante un proceso político democrático, civil e pacífico de acordos e consensos políticos, apoiados pola cidadanía. Proxecto político *in fieri,* que non rematou e que pretende avanzar na maduración das súas institucións e no crecemento dunha conciencia colectiva de cidadáns e cidadás europeos.

Pois ben, son as diversas —que non moi distintas— formacións partidistas da ultradereita europea as que irrompen no Parlamento da Unión co obxectivo, expreso e común, de frear este proxecto e desvirtualo desde dentro ata destruílo. Desde dentro, tal como fixeron os nazis e os fascistas coas institucións democráticas de varios estados europeos no primeiro terzo do século XX, o que provocou a gran catástrofe da segunda guerra mundial.

É verdade que as forzas, que se din europeístas, aínda resisten; naturalmente, sempre que se manteñan as actuais alianzas. Pero tamén é certo que os populares e conservadores perderon peso e, o que é máis perigoso e inquietante, branquean para asumir medidas e postulados propios da ultradereita; os socialdemócratas e os verdes recuaron notablemente e as esquerdas democráticas perden presenza e relevancia política. Con todo isto poderase resistir, pero resistir non é avanzar; e o avance, sostido e sostible, é esencial para a supervivencia efectiva da propia UE.

> “os populares e conservadores perderon peso”

En España, o segundo dato en importancia, coido que moi negativo, é que as formacións da esquerda democrática perderon moito nestas eleccións. Tanto, que se achegan perigosamente á irrelevancia política. Este retroceso débese moi primordialmente ao cainismo partidista, á “enfermidade infantil” —diría Lenin— que padecen as esquerdas. O sectarismo partidista, o personalismo dos seus dirixentes e o dogmatismo doutrinario son doenzas crónicas, semella que xenéticas, que lles impiden ás formacións de esquerdas construír alianzas ou proxectos políticos comúns, que asuman e representen os intereses e obxectivos da cidadanía nos ámbitos da igualdade, da xustiza e da solidariedade.

O único positivo esperable desta situación é que sirva de acicate e revulsivo democrático para que a cidadanía e, sobre todo, as asociacións, movementos e partidos que asumen a defensa dos seus intereses reaccionen a tempo e consigan seguir avanzando na construción dunha democracia madura en Europa e nos países que a conforman. Non abonda con resistir.

Oxalá que opere este incentivo porque no ovo, que está a piques de eclosionar, xa se transparenta a serpe.

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

Estratexias para parar unha celulosa

Non sei que é máis lamentable, que **Altri** queira montar unha nova celulosa aproveitándose dos cartos públicos, e do monocultivo de eucalipto, ou que esa sexa a idea principal para modernizar o País que ten a **Xunta** e as nosas elites. **Sei ben que hai argumentos máis sisudos que este para estar en contra da macrocelulosa de Palas de Rei pero, na argumentación pública que hai que construír para parar esta factoría, non sobra sinalar que ao noso goberno non se lle ocorra outra cousa que repetir o de Ence en Pontevedra pero agora en Lugo cos cartos de todos.**

Tamén é importante levar á praza pública que a macrocelulosa non é unha cuestión local pois as súas consecuencia ímolas padecer todos, aínda que só sexa porque ese diñeiro se podería gastar nun proxecto modernizador de verdade. Afortunadamente a mobilización na Ría de Arousa e ao longo do Ulla xa está minimizando esta forma de presentar o debate desde a Xunta. Un exemplo do intento de facer pasar por local un problema de todos foi ver como, nos días seguintes ás eleccións ao Parlamento europeo, se lle dedicou moito espazo aos resultados nos concellos da Ulloa insinuando que a vitoria do PP era un apoio á instalación de Altri.

Dúas leccións sobre isto dos tempos do Prestige. Nas eleccións locais despois da Marea Negra, o PP gañou en gran parte dos concellos de Galicia, incluída na Costa da Morte, pero uns meses despois, nas autonómicas, quen gañou foi Touriño e Quintana. A análise electoral groseira pode producir bos lemas de propaganda pero entende mal os movementos de fondo da realidade. E outra que é un recordo persoal, naquel momento o que máis preocupaba na sede do PPdeG

non eran as grandes manifestacións en Vigo ou Santiago; nin as protestas da xente do mar. O que alarmaban eran as manifestación de Ourense, Lugo ... un conflito local éralles difícil de manexar pero non imposible, un conflito nacional era outra cousa.

Tamén desde aquela sabemos que para facer un movemento vitorioso non sobra ninguén. Nos seguintes días da manifestación de Palas, abundaron as críticas, lexítimas, e os insultos, fóra de lugar, ao PSdeG e ao seu líder Besteiro por non asistir. O PSdeG sofre intensas tensións sobre que facer. Tensións internas e externas; non se pode esquecer que o principal asesor de Altri é Acento, a empresa de *lobby* de Xosé Blanco que se move de marabilla na trama administrativa e política de Madrid e Galicia. Non se sabe que decidirán ao final pero o certo é que insultar a quen podes necesitar de socio nunca foi unha boa estratexia.

> “o principal asesor de Altri é Acento, a empresa de lobby de Xosé Blanco”

O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

"Ai dos que posúen depósitos cheos de viño e de grao e varios pares de vestidos, mentres os pobres de cristo imploran as súas portas co estómago baleiro e cos membros espidos , a quen se lle dan algunha cousa, é moi pouco e case sempre do que lles sobra!"

Estas palabras son do noso amigo Santo Antonio de Lisboa e tamén de Padua. Recoñece os vicios dos pobres pero escusábaos pola marxinación á que estaban sometidos. Medran discursos populistas e xenófobos, cheos de enganos e mentiras que atraen o voto da xente máis moza. No libro das *Floreciñas* de San Francisco ven o relato de cando Antonio predicou aos peixes en Rimini pois a xente da vila non lle facía caso. Milleiros de peixes, pequenos e grandes asomaron nas augas para escoitar ao Santo e movían contentos as cabezas e os rabos. Convertéronse milleiros ante tal milagre.



As portas do Sínodo quizais teñamos que predicar no mar cheo non de peixes senón de persoas empobrecidas fuxindo da morte, para lograr a grande milagre de converter moitos corazóns. Leo a San Bernardo: A castidade sen caridade é unha lámpada sen aceite. A liturxia, os ritos, as devocións, a teoloxía, os hábitos sen caridade son unha lámpada sen aceite, sen luz.

Que fermoso o testamento que Tobit entrega a Tobías antes de partir: *Non apartes xamais o teu rostro dun pobre e o rostro de Deus non se apartará de ti.*

A Santo Antonio é posible que o multaran hoxe en día pola cota do peixe.

O peto común

Teresa Souto

Coidar

Cando se comprende a vida, a interacción coas demais persoas, coma unha rede de interrelacións nas que nos sentimos inmersos/as, e onde existe un recoñecemento da responsabilidade

cara aos demais, falamos da ética dos coidados. No noso ciclo vital, sempre imos ter o papel de coidador/a e o de persoa que recibe coidados. Cando nacemos, precisamos dos coidados das persoas da nosa familia; se temos irmás ou familiares máis pequenos adoptamos por momentos o rol de persoa coidadora; se somos proxenitores, tías, tíos, se temos avós, avoas, pais, nais,

amizades que precisan coidados, ...prestámolos, de diferentes xeitos, en diferentes niveis, pero prestámolos, así coma coidan de nós cando o precisamos.

O papel das persoas coidadoras sustenta a nosa sociedade: coidan das crianzas cando nacen e mentres medran, coidan das persoas enfermas, ou con discapacidade, coidan das persoas

maiores. Moitas persoas coidadoras adican a súa vida a proporcionar coidados, acompañamento, axuda, apoio, aínda que agora existan recursos públicos ou libranzas para servizos, coma centros de día, coma ludotecas ou escolas infantís, gabinetes pedagóxicos ou servizo de axuda a domicilio, sempre existe unha ou varias persoas coidadoras, que fan posible o mantemento da persoa na súa contorna, que fan posible os coidados puntuais e os coidados crónicos, en definitiva, que facilitan e fan posible a vida.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Galicia, sitio distinto. Temos un clima diferente. Cando escoitamos as predicións do tempo para toda España moitas veces pensamos que isto non forma parte do Estado. As vagas de calor cadran con tempo gris e chuvioso no fogar de Breogán. Un amigo meu di que deberiamos comezar pola independencia meteorolóxica.

Tamén somos un sitio distinto en cuestión de festas. Aquí temos todo tipo de festas. Hai a quen lles gusta dálo todo coa Panorama ou co Combo. Quen se pon ata o bigote con festas gastronómicas ou loita con cabalos. Hai de todo. Pero o que demostramos hai uns días é que hai certas festas que non gustan. Aí tamén temos certa independencia. Así os extremistas de "Se acabó la fiesta" non sacaron case nada neste sitio distinto (2% en Galicia e o 5 en España) porque aquí certas festas son cousas tan exóticas coma as touradas. Aquí o touro e a vaca son animais sagrados tal como dicía Castelao "lástema de bois".

Porque levamos moitas eleccións demostrando que hai cousas que aquí non van. Certo que vemos as eleccións e

se cadra gustaríanos outros resultados pero aquí as cousas exóticas coma "ciudadanos" "UpyD" "Vox" "SALF" e todos eses enxendros logran os mesmos resultados que España en Eurovisión. Aquí, a España cañí vai de cañas. Votamos raro para ben e para mal. Sitio distinto.

A peneira

Beatriz Cedrón

Segundo unha análise do **SISTEMA TRIBUTARIO** español realizada por OXFAM INTERMÓN, no que toma como referencia o IRPF, o IVE e o imposto sobre o patrimonio, unha persoa con ingresos superiores ao millón de euros ten unha tributación moi similar (un 17%) a outra que ingrese pouco máis de 20.000 euros (16%). A entidade propón pechar a brecha que existe entre as rendas do capital e as do traballo, así como modificar a fiscalización societaria para que as empresas grandes coticen o que lles corresponde.

A IOAC (Irmandade Obreira de Acción Católica) impulsa para o bienio 2023-2025 a campaña **"COIDAR O TRABALLO, COIDAR A VIDA"**, apostando con firmeza pola dignidade do traballo e polo traballo digno. Co gallo da celebración desta campaña, a IOAC publicou un novo caderno, o número 26, no que recolle unha reflexión sobre o que significan eses conceptos, convidando dende esa base a comprometernos na construción do ben común na sociedade. Pódese descargar de balde en hoac.es.

ZENDO BETANIA é un centro de espiritualidade zen que persegue o reencontro coas raíces profundas propias no marco do diálogo interrelixioso budista-cristián. O centro, situado en Brihuega (Guadalajara) ten un amplo programa de actividades que van dende a introdución ao zen ata reunións, xornadas intensivas, estancias ou seminarios. Pódense consultar e obter máis información na súa páxina web: zendobetania.com

Imaxe: http://www.zendobetania.com/images/zendo2.jpg

Seguindo o ronsel do colectivo Burla Negra, naceu hai agora algo máis dun ano o movemento **BURLA VERDE**. Distintas asociacións, colectivos e persoas do mundo da arte e doutros ámbitos xúntanse para actuar diante da proliferación indiscriminada de parques eólicos, do espolio e da destrución do monte galego. No colectivo organizan, entre outras actividades, encontros pola defensa do territorio (o último en xuño, no Caurel, no pasado xuño).

Xa son 20 as **XORNADAS INTERNACIONAIS RURAIS** que a Asociación de veciños de Cabreiros, en Xermade, vén de celebrar dende 2005. A asociación mesma as define como "unha porta que une as experiencias e coñecementos que adquiriron os nosos maiores ao longo da súa vida coas novas xeracións". Cada ano recollen entre 15 e 20 propostas da veciñanza, que este ano transformáronse en debates sobre proxectos enerxéticos, obradoiros de baile, presentación de libros ou charlas sobre fauna salvaxe entre outras.

A intencionalidade como causa dos **INCENDIOS FORESTAIS** reduciuse no que vai de século dun 90 a un 70% na actualidade, aumentando o factor natural como orixe dos lumes. Ademais, o peso dos grandes incendios aparece con forza nas estatísticas anuais de lumes, recoñecendo a Xunta que ningunha zona está a salvo ante circunstancias favorables para o seu desenvolvemento. Para o ano 2024, o Plan de incendios conta cun dispositivo integrado por 7.000 persoas, 30 medios aéreos e 380 motobombas.

Imaxe: https://encrypted-tbn3.gstatic.com/images?q=tbn:ANd9GcTRJ3vExKITWPz-37MaTCrRTFX07-QJU08uCU6R3xnfzgq-ERjHj

O **TSXG** paralizou unha instalación mineira para a extracción de coltán en Viana do Bolo. A mina da Penouta fora autorizada en 2022 polo goberno galego, mais o proxecto foi desestimado xudicialmente polo seu impacto ambiental. Segundo a sentenza, non se realizou unha axeitada valoración sobre o espazo Pena Trevinca, quedando acreditado o impacto das voaduras e movementos, fendas en vivendas, a afección de augas de consumo humano, e a presenza de metais pesados en doses perigosas.

Imaxe: https://img.lavdg.com/

En Galicia traballan **1.141 COOPERATIVAS**, que reúnen preto de 80.000 persoas socias e crean 28.000 postos de traballo directos (o 2% das persoas ocupadas en Galicia están vencelladas a unha cooperativa). Prestan servizos en moitos sectores diferentes, e só as agroalimentarias facturaron 2.1 millóns de euros en 2023. Ademais, o 47% das socias das cooperativas son mulleres, as cales representan o 34% de membros dos consellos reitores e o 20% das presidencias das cooperativas.

Imaxe: https://praza.gal/storage/xornal/

Ferrados de corazón

Rosa María Rodríguez

Serafín González, científico do CSIC: "Os promotores de Altri tómannos por parvos"

Serafín González conta cunha longa e prestixiosa traxectoria como investigador do CSIC no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas e como presidente da Sociedade Galega de Historia Natural. Nesta entrevista expresa a súa preocupación sobre a macrocelulosa Altri que ameaza o corazón de Galicia e critica a xestión da enerxía eólica, acusando á Xunta de priorizar os intereses empresariais sobre os criterios ambientais. En canto aos incendios, lamenta a falta dun esforzo real para erradicar a actividade incendiaria humana, principal causa do problema.

Galicia é coñecida pola súa biodiversidade e os seus ecosistemas únicos. Que ameazas específicas están a poñer en risco esta biodiversidade?

As ameazas son múltiples e variadas, pero podemos salientar varias moi importantes. Por un lado, o enorme déficit de espazos naturais protexidos; Galicia é a pechacancelas en superficie en Rede Natura 2000 en España e a Xunta ten metida nunha caixa (semella que con sete chaves) a súa ampliación dende hai nada menos que 16 anos, malia os requirimentos da UE. Ademais da RN 2000 compre poñer de manifesto o absurdo absoluto de que Lugo non conte con ningún Parque Natural.

Por outro lado, Galicia ten dende hai 17 anos un Catálogo Galego de Especies Ameazadas, pero ao ritmo actual cumprirían máis de catro séculos para aprobar os plans de recuperación das especies en perigo de extinción e máis de dous milenios para ter os plans de conservación das especies vulnerables. Con eses datos queda claro o total desinterese da Xunta pola conservación da biodiversidade.

A contaminación da auga é un desafío importante. No país dos "dez mil ríos" temos un problema de calidade das nosas augas?

Temos un problema de calidade, con ríos e acuíferos contaminados tanto pola actividade industrial "clásica" (por exemplo, o aluvial do Louro pola herdanza tóxica da industria química e os ríos de Valdeorras e Quiroga polas louseiras), como pola proliferación desmesurada de industria gandeira con macrogranxas intensivas sen base territorial (como na Limia ou no Deza) e a deficiente depuración de augas residuais (ata hai ben pouco, a maior cidade de Galicia -Vigo- non modernizou a súa depuradora. Pero tamén temos un problema de cantidade, por sobreexplotación para regadío (A Limia) e un incumprimento xeneralizado dos réximes de caudais ecolóxicos polos grandes encoros hidroeléctricos.

> "queda claro o total desinterese da Xunta pola conservación da biodiversidade"

Un mapa do ministerio contabiliza ata 5.400 verteduras legais en augas galegas. E vostede declarou que habería que establecer uns límites máis baixos e ser máis esixentes en canto a depuración das augas.

Hai que ir cara un marco máis esixente coas verteduras legais (industriais e urbanas), aplicando as mellores técnicas dispoñibles aínda que sexan algo máis custosas, pois diso depende que academos un bo estado ecolóxico

© Foto: greenpeace

dos nosos ríos e masas de auga, superficiais e subterráneas.

Existe unha implantación descontrolada da enerxía eólica que a está deixando sen efectividade?

En 1996 a Consellería de Industria e Comercio encargou a realización do Proxecto de Ordenamento Eólico de Galicia (tamén chamado Plan Eólico Estratéxico de Galicia) á empresa privada APASA-GAMESA, que se converteu así en xuíz e parte ao ter naquela data o 22% da potencia eólica concedida en Galicia. A consecuencia directa foi que na planificación eólica de Galicia se primasen os intereses empresariais obviando ou minusvalorando os criterios ambientais. Ademais, os impactos ambientais agraváronse ao aceptar as Consellerías de Industria e de Medio Ambiente a tramitación fragmentada de pequenos parques eólicos "virtuais" próximos ou adxacentes, a miúdo dunha mesma empresa, evitando así a avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos dos parques eólicos "reais" sobre o medio natural.

Os incendios forestais son un problema recorrente en Galicia. Augúranos un verán tranquilo ou todo o contrario.

Depende da meteoroloxía, que é a que determina o "éxito" da actividade incendiaria, pois en Galicia nove de cada dez lumes son provocados pola actividade humana. Comezaremos a ter problemas si se encadean 7-10 días seguidos sen chover; a situación será grave si chegamos as dúas semanas consecutivas sen choiva e haberá unha vaga de lumes incontrolable si pasamos das tres semanas sen chover. Se, ademais, vai calor e un vento sostido (por exemplo do nordés) a situación será explosiva. É así de triste porque nunca se fixo un esforzo real por erradicar de raíz o problema que, insisto, é a actividade incendiaria humana.

Non podemos deixar esta entrevista sen falar de Altri.

ALTRI pretende construír unha macro-celulosa pintándoa de verde como xa fixo co seu nome (GREENFIBER). O proxecto incrementaría nun 33% a produción de celulosa en Galicia e a súa contorna inmediata (plantas de ENCE en Pontevedra e Navia), agravando a eucaliptización imparable dos montes galegos e os seus enormes impactos nos ecosistemas terrestres e acuáticos (solo, auga, flora, fauna, paisaxe e risco de incendios).

Coa metade do seu perímetro lindeiro coa ZEC ES1110014 Serra do Careón, augas arriba da ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza e da Ría de Arousa (ZEC, ZEPA e Humidal Ramsar Complexo intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira) e nunha zona que se contemplou para a ampliación da Rede Natura 2000, o emprazamento elixido é un dos peores que se poderían atopar en Galicia para unha actividade industrial destas características. O proxecto impactaría sobre media ducia de especies ameazadas, tanto

"eu non felicitaría a ningunha cidade galega pola súa política ambiental"

Cartel na serra da Groba (Pontevedra) © Foto de Stop Eólicos

Ferrados de corazón

Serafín González, científico do CSIC: "Os promotores de Altri tómannos por parvos"

Verquidos en San Cibrao das Vi§as. © foto Amigos da Terra

terrestres (as plantas *Armeria merinoi, Santolina melidensis, Leucanthemum gallaecicum* e *Centaurea janeri*) como acuáticas (*Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus*).

Mención aparte merece o feito de que os promotores do proxecto nos tomen por parvos cando din *"aquí o auga non se consume, úsase e devólvese en mellores condicións, augas arriba"*. Se a calidade das súas augas residuais fose incluso mellor que a do río Ulla, por que haberían de bombear innecesariamente cada día máis 30.000 m^3 de auga (equivalente ao consumo conxunto das cidades de Lugo e Ourense) a 12 km de distancia e unha altitude 200 m superior cun enorme consumo de enerxía?
Por que haberían de tirala en lugar de funcionar nun circuíto máis pechado e gabarse así de promover unha "economía circular"? Por que haberían de construír unha tubaxe de 9 km de lonxitude para a vertedura?

Cal é a cidade galega con máis contaminación atmosférica e cal considera a mellor para vivir deste o punto de vista ambiental?

Persoalmente, eu non felicitaría a ningunha cidade galega pola súa política ambiental. Por non ir moi lonxe, recomendaríalle a todas que mirasen o que se está a facer por exemplo en Vitoria.

En canto á contaminación atmosférica a resposta debera ser moi sinxela mirando os datos das estacións da rede de seguimento e control... se os seus emprazamentos fosen representativos. En Santiago está na cima do Monte da Condesa, ben aireada polos ventos que veñen limpiños do mar; obviamente, os seus datos deben ser marabillosos.

Considera que os galegos estamos preocupados por estas cuestións ambientais ou existe certo deixamento.

Á sabedoría popular me remito: polas súas obras os coñeceredes. De palabra creo que os galegos non andamos mal de preocupación ambiental, pero de obra temos moito que mellorar.

> "hai que ir cara un marco máis esixente coas verteduras legais"

Formule un desexo desde o punto de vista ambiental para a nosa terra.

Confórmome con que a Xunta de Galicia en xeral, e a Consellería de Medio Ambiente moi en particular, cumprisen e fixesen cumprir toda a lexislación ambiental. Simplemente con iso Galicia entraría por fin no século XXI, ambientalmente falando.

As furtadelas

Manuel Cabada Castro

Ser auténtico na pel dos outros. O aí estar de Bieito Santos[1]



© Foto: Faro de Vigo

Teño, da man do seu protagonista principal, como pan quente saído do forno, un escrito enxundioso que leva como título "Conversas do padre Bieito Santos, cura obreiro". Está editado en Vigo por SEPT. A súa presentación ante un abondoso foro de persoas tivo lugar na viguesa igrexa xesuítica dos Apóstolos, na que Bieito Santos exerce actualmente o seu ministerio sacerdotal. Na publicación o xesuíta e cura obreiro é interrogado de xeito moi atinado por Silvestre Gómez Xurxo e X. Francisco Domínguez Martínez.

Vaia por diante que se trata dun escrito que bota luz (e moita) sobre o concreto compromiso dunha persoa cos seus semellantes ó se facer un con eles. Velaí o segredo, a audacia e a lección dunha tal acción realizada con naturalidade, sen protagonismos que destruirían ou entorpecerían tal compromiso. No caso que nos ocupa, porén, estes *semellantes,* os obreiros*,* non o eran tanto, polo menos nos tempos do mozo Bieito, ó eles daquela viviren, ademais, alomenos unha boa parte da súa vida, baixo un réxime político autócrata, non democrático.

Ó Bieito falar do traballo de cura obreiro (o seu e mais o doutros compañeiros), dinos o seguinte:

> "Dende logo, un tiña que procurar ser exemplar no traballo, coma un espello no que outros se puidesen mirar. Non por vaidade, senón por prestixio persoal e por exemplaridade de vida. Ser un traballador que fixese ben o seu traballo e que facilitase o traballo dos demais, é dicir, ser un bo compañeiro".

Nos anos 1968/1969, durante os disturbios que levarían á declaración do estado de excepción, Bieito cóntanos que:

> "Como consecuencia daquelas mobilizacións pasei polo Tribunal de Orde Pública, o famoso TOP"

Chega a Vigo no ano 1970, destinado oficialmente polos seus superiores relixiosos como "cura obreiro". Foi así como entrou en 1972 en ASCON como montador (1974-1975) chegando a actuar nesta empresa como delegado sindical pola USO. O coñecido sindicalista Guillermo Fontán, declara sobre Bieito:

> "Os que formamos equipo con Bieito durante moito tempo sabemos que o seu compromiso como traballador e sindicalista foi absoluto, sen quebras. É unha persoa cun alto sentido da xustiza....nunca usou da súa condición de cura para buscar recoñecemento ou calquera tipo de beneficio. Tiña moito recoñecemento porque o gañou. Era un traballador máis en todos os aspectos, alguén que, en todo caso, destacaba polo seu compromiso"

Conclúo co comentario final que lle fai o entrevistador a Bieito e coa resposta deste:

> "- Para rematar quero citar unhas palabras de Quico Domínguez na homenaxe que recibiches da IOAC en Vigo no 2022: 'Bieito é un dos rostros de Deus na terra'.
>
> - Acepto iso que dixo Quico, porque creo firmemente que toda persoa de boa vontade é un rostro de Deus na terra".

1 - Extracto do artigo publicado en Religión Digital o 12 de maio de 2024 polo filósofo e escritor Manuel Cabada Castro. Artigo completo en https://www.religiondigital.org/libros/autentico-pel-outros-Bieito-Santos-cura-obreiro_0_2667633234.html

Un país cheo de historia/s

Felipe Arias Vilas

Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia



Composición de Fontán (retrato de A.M. Esquivel, 1852), e o seu mapa.

Como lembraba o noso amigo Xosé Antón Pombo nun lúcido artigo de prensa, ás veces améntase o famoso 'Mapa de Fontán' sen ponderar ben a súa importancia non só para a nosa ciencia cartográfica senón tamén para as matemáticas universais.

Domingo Fontán naceu en 1788 nunha aldea do concello pontevedrés de Portas dentro dunha familia acomodada e, como di Pombo, instruído por un tío cura que protexía relixiosos franceses fuxidos da Revolución, aprendeu idiomas e coñeceu avances científicos procedentes de Francia. Estudou Humanidades e Ciencias Exactas na Universidade de Santiago e ós 24 anos xa era catedrático auxiliar e logo titular. Foi discípulo e amigo do gran matemático de Bermés, José Rodríguez (1770-1824), outro galego egrexio.

Cos seus coñecementos de trigonometría, de altimetría barométrica e temas similares, e usando o sistema métrico e instrumental daquela Universidade, Fontán comezou en 1817 a percorrer Galicia co proxecto de levantar un mapa que sería un exemplo a seguir para a topografía e a cartografía de épocas posteriores.

Fontán estaba convencido de que para a economía do país se necesitaban boas comunicacións e estas dependían dun axeitado trazado e representación dos camiños, o que só se podía conseguir coñecendo a topografía e con mapas precisos que sinalasen cidades, vilas, parroquias, lugares, camiños, montes, vales, ríos..., ideas estas nas que coincidiría co seu coetáneo o monfortino Alejo Andrade Yáñez, todo un personaxe que foi arquitecto, enxeñeiro, académico da Real da Historia e deputado en Madrid, e que estaba convencido da importancia das comunicacións, das que foi varias veces trazador e responsable, a todo o cal uniu o interese pola historia e a arqueoloxía pois a el se debe a conservación das dúas únicas ventás que quedan da muralla de Lugo na torre da Mosqueira, así como a construción da ponte que une as illas de S. Simón na ría de Vigo.

Así, coa estreita colaboración de Andrade Yáñez (e amizade, reflectida na correspondencia mutua), Domingo Fontán acometeu o inxente traballo de elaboración do primeiro mapa científico de Galicia. Cun experimento inicial feito no Pazo de Sobrecarreira (Cambre), no que medía os ángulos formados entre a súa base e os lugares prefixados, puido concretar os métodos e cálculos que lle habían servir para os levantamentos topográficos posteriores.

O primeiro vértice xeodésico fixo para comezar o traballo púxoo Fontán na torre da Berenguela da catedral de Santiago, onde a través das observacións dos astros marcou a súa latitude e altitude, e a primeira liña recta básica dende a que partir para deseñar outras que permitirían formar os sucesivos triángulos imaxinarios trazouna ó norte de Santiago, entre Boisaca e Formarís.

Para confirmar os datos fixou unha segunda liña base, que sería referencia para outras, e trazouna nunha elevación no concello lucense do Corgo, precisamente cos datos confrontados con Andrade Yáñez, que daquela traballaba nos primeiros "accesos a Galicia", o que lle serviría a Fontán para facer unha boa parte do seu mapa e mesmo para unha posible extensión por terras de Asturias, León e Zamora.

O trazado e a medida de rectas e ángulos nos que se cruzan en horizontal permitía facer planos, pero para compoñer o mapa tamén era obrigado

Detalle da zona de Portas no mapa de Fontán.

sinalar accidentes orográficos como serras, montes, vales, etc., por medio da triangulación en vertical. Asemade, outro dato a ter en conta era o da altitude con respecto ao nivel do mar do lugar onde se encontraba e para iso Fontán contou coa axuda do seu irmán Andrés.

Por todo iso, é doado supoñer a enorme cantidade de cálculos que necesitou para levar a cabo o seu magno proxecto, e así entender que tivera que percorrer toda Galicia, a pé ou a cabalo, por montes e chairas, rías, ribeiras e vales, agras e fragas... para compoñer o seu mapa de Galicia. Entre outros datos anotou 467 estacións xeodésicas, máis de 3.600 parroquias ou curatos e todo tipo de accidentes xeográficos ou sitios de interese, loxicamente naquela época -primeira metade do s. XIX- xa cun bo feixe de topónimos castelanizados e deturpados. Incluso tivo ansia de anotar na zona de Portas o nome da súa aldea de Porta de Conde (*sic*) marcada no mapa como "Patria del Autor".

En 1834 os traballos estaban rematados pero Fontán non conseguiu os apoios oficiais ata que se presentou o primeiro manuscrito á Raíña rexente, María Cristina de Borbón, que autorizou a súa impresión. Pero as dificultades non remataban aí porque se precisaban recursos económicos e unha imprenta que dispuxese das técnicas necesarias para imprimir un mapa de grandes dimensións, o que ó final se conseguiu en 1845 cando a imprenta de Lemercier, en París e baixo a supervisión do propio Fontán, deu á luz a primeira edición das doce follas empatadas perfectamente entre elas e cun tamaño total de 216 x 232 cm., a unha escala 1:100.000 e co título *Carta geométrica de Galicia. Dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos*.

Posteriormente, fixéronse copias deste mapa, que foron moi prezadas tamén nos medios da emigración galega en América, mentres moitas outras quedaron en Galicia, como a do Instituto de Lugo (hoxe o *Lucus Augusti*), ou a do Pazo de Tor (Monforte de Lemos) ou a do Pazo de Trasalba, venerada polo seu morador Ramón Otero Pedraio, gran devoto de Fontán.

A precisión deste mapa non se viu superada ata 1950, cando outros medios topográficos e as fotografías aéreas permitiron reelaborar, completar e matizar os cálculos e trazados feitos 150 anos antes. Domingo Fontán descansa merecidamente en paz, logo dos seus ímprobos traballos. no Panteón de Galegos Ilustres da igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval.

Mapa de Galicia de D. Fontán.

O noso taboleiro

XLVI Romaxe de Crentes Galegos



Mapa de Lodoselo

A XLVI Romaxe de Crentes galegos e galegas promete ser unha xornada inesquecible, chea de espiritualidade e conexión coa natureza. Únete a nós e fai de faro para convidar a túa contorna. Entre todos e todas poderemos contribuír á construción dun mundo máis sostible e xusto.

'A Terra Quer Coidados'

A romaría deste ano céntrase na importancia de preservar á natureza, unha preocupación cada vez máis relevante no contexto actual de cambio climático e degradación ambiental.

Cando?

O sábado 14 de setembro.

Horario:

11.00h Acollida
12.00h Celebración
14.00h Xantar compartido
16.00 h Festa rachada

Onde?

En Lodoselo. Sarreaus. A Limia (Ourense)

Como chegar a Lodoselo (Campo da Lama)

Coordenadas: Latitude 42º 4´ 13.86´´ N Lonxitude 7º 35´ 34.05´´ W

· Vindo de Ourense Pola A-52, tómase a saída Abavides PK 188 (é a seguinte á de Xinzo de Limia).

· Incorporámonos á N-525 e collemos á dereita (só quedan uns 10 Km).

· A 1 Km aproximadamente está Portoalto. Aí collemos a estrada cara Sarreaus. Se vos fixades veredes o cartel que temos en verde: Centro social, Comedor, Albergue do Pobo escola, LODOSELO.

· Ese cartel tamén o atoparedes en Sarreaus cando cheguedes á estación de servizo (que está cerrada). Tamén colledes á dereita. (Se fose no Pavillón, pola chuvia, no medio do pobo xa está o indicador entre a farmacia e o mesón o Caserío co indicador cara o Colexio e o Pavillón).

· A maiores imos poñer indicadores que recen: Romaxe.

Instruccións:

Podes traer unha cadeira e algo para o sol (gorro, chapeu, visera, sombreiro de palla...)

Queres durmir alí?

No CDR O Viso contan cun acolledor albergue (Reservas e máis información no 988 461 571 - cixdalimia@cdroviso.org - https://www.cdroviso.org/albergue.html)

Ou si o prefires en aloxamentos da contorna como o da 'Aldea rural Couso' (https://aldeacouso.com/)

Algunha dúbida?

Contacta con nós en irimia@irimia.gal

Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón

‘Los ingenieros del Caos’

Politólogo e avogado, escritor e xornalista, Giuliano Da Empoli, autor de “Los ingenieros del caos”. Ou de como construír gobernos populistas coa argamasa do odio sementado nas redes sociais polos algoritmos.

Os enxeñeiros do caos son estrategas que converten a rabia, o ruído e a furia populares en vitorias electorais. Como Davide Casaleggio, o cerebro detrás do ‘Movimento 5 Stelle’. Como Steve Bannon tras do bufón excesivo chegado da telerrealidade, Trump. Como Finkelstein, descubridor de que o atallo para impulsar a participación é espertar a rabia e destruír ao adversario.

Populistas de esquerda e de dereita aquí e acolá. En países ricos e pobres. Teñen linguas diferentes e puntos en común. Por exemplo, son expertos navegantes na arañeira das redes. Usan algoritmos para inflamar á feligresía. Controlan as narrativas atacando a prensa. Apostan pola máquina de fango de Umberto Eco. Inflaman a polarización e destrúen a reputación dos adversarios.

Así Trump no país poderoso, na democracia máis antiga. Bolsonaro no xigante sudamericano. Putin, navegante do estalinismo ao imperialismo. Modi na democracia máis poboada. Epígonos como o estridente Maduro, o brutal Duterte, o bananeiro Daniel Ortega. Erdogán e Viktor Orban. Ou Milei, alborotado anarcocapitalista en Arxentina.

> “converten a rabia, o ruído e a furia populares en vitorias electorais”

Detrás deles científicos de datos, estrategas políticos, asesores na sombra levan a partidos populistas ata o poder nas maiores economías. Aproveitando a forza mobilizadora da rabia e a ira, emocións que mobilizan masas e votos.

Detrás do entroido populista hai un meticuloso traballo dos ideólogos, científicos expertos en big data. Controlan o circo das redes con algoritmos, avatares, fake news. Acumulan datos sobre votantes e converten as campañas electorais en guerras entre sofware, di Da Empoli.

Os enxeñeiros do caos descubriron que a tecnoloxía é o conector entre paradigmas políticos, fracturas sociais e polarización extrema. Redes sociais dopadas coa dopamina dos clics, smartphones e mensaxes na diana de usuarios modelados polos datos. Unha manipulación masiva e anónima de parasitos colonizando o cerebro sen que o anfitrión se decate.

Velaquí un libro imprescindible para comprender o ecosistema político e social onde líderes populistas contratan a enxeñeiros de caos para canalizar

Ler para camiñar
‘Los ingenieros del Caos’

a ira popular contra as elites en beneficio propio. O poder é froita madura en campañas electorais onde as ideas son expulsadas pola mestura formidable de algoritmos, ira e populismo.

Di o autor: ‘Cando os líderes actuais pasen de moda é improbable que votantes acostumados á droga dura do nacional-populismo, soliciten de novo a manzanilla dos partidos tradicionais. Pedirán algo novo e pode que aínda máis forte”. Por iso hai que ler “Los ingenieros del caos”. De Giuliano Da Empoli.

> “detrás do entroido populista hai un meticuloso traballo dos ideólogos”

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15702-Santiago de Compostela, ou escríbenos a: irimia@irimia.gal

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .

ENDEREZO: . . . . .

CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .

TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O:		10 € ☐	
QUERO SUBSCRIBIRME:	Ordinaria:	35 € ☐	Subscricción anual (11 números)
	De apoio:	50 € ☐	Subscricción anual (11 números)
QUERO Online:		**9 €** ☐	Subscricción anual (11 números)

DOMICILIACIÓN

BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .

DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .

CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .

Nº de CONTA: _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro pola asociación IRIMIA.

En . . . . . a . . . . . de . . . . . de 202 _ .

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente na nosa conta indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: Fiare Banca Etica ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: Rosa María Rodríguez García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopeña Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: http://irimia.gal

Feito en papel reciclado

Actividade subvencionada pola

Deputación DA CORUÑA

Boa Nova

Liliana, da comunidade do Cristo da Victoria de Vigo.

A TRINDADE

Imaxinemos un día de verán.
Son mais longos
e hai posibilidade de realizar máis actividades.

Pola mañá cedo, medito unha media hora,
logo vou dar un paseo pola praia
antes de que o sol non se poida aturar
e a praia se encha de xente
e todo se faga un tanto inaguantable.

De volta doume unha ducha rápida,
e póñome roupa de andar pola casa.

Ordeno un pouco,
preparo unha ensalada
e escribo ou leo un intre.

Mais tarde,
como estou convidada a unha festa de aniversario,
dúchome,
píntome un pouco e póñome aquel vestido vermello
que só uso en ocasións especiais.
Na festa bailo como unha demente
e tomo un par de copas
que me fan estar mais tola que de costume.
Déitome tarde, cansa pero contenta.

Que pasou con ese eu?
Cantos hai?
Son cinco persoas?
Non,
seica non é a mesma
en situacións diversas
e por tanto con comportamentos acordes?

Creo que, en ocasións,
os sisudos teólogos
cos seus concilios e as súas teorías sobre Deus
non fan mais que complicar
innecesariamente
a crenza dun Deus que se manifesta segundo sexa necesario.

Non me parece que faga falta
inventar misterios tan misteriosos
para sentir ese amor
e esa paz que está en min,
como pai, nai, irmán,
de forma espiritual,
pero fortemente presente en cada momento.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Interesante...

Quedaramos alá pola explicación do artigo. Presentarámosvos todos os artigos e quedáranos por facer un apuntamento respecto do artigo indeterminado, que contrae coas preposicións *con*, *de* e *en*. Pois cando usedes estas contraccións (*cunha*, *cunhas*, *dunha*, *dunhas*, *nunha*, *nunhas*) e necesitedes segmentar a palabra porque non vos cabe na liña na que estades a escribir, debedes facelo así: "cu-nha", "du-nha", "nu-nha". E por que isto? Pois porque o dígrafo *nh* indica que a pronuncia dese *n* é velar e non se separa.

Xa que estamos con cuestións gráficas, aproveitamos para facervos reparar en que o outro día falarámosvos da 2.ª forma do artigo... E decatástesvos de como abreviamos este ordinal? Non nos enganamos!!!, debemos escribilo así (igual ca "M.ª", por "María"; "n.º", por "número"; "D.ª", por "dona"; "1.ª" por "primeira"...) porque todos os ordinais escritos coa cifra (3.º, 4.ª, 5.º, 10.ª...) son abreviaturas do ordinal escrito con letra, e, coma todas as abreviaturas (páx., C. P., EE. UU., Sr., cm....), agás algún caso excepcional como "r/", por "rúa"; "c/c", por "conta corrente", debemos pechalas cun punto, que se chama punto abreviativo. Tede en conta que este punto, se vai ao final dunha oración, xa funciona como punto final, punto seguido, punto e á parte, non hai que engadir outro punto. Pero ollo, ollo!!!: se este punto da abreviatura cadra cos puntos suspensivos, escríbense catro puntos!!!

E dunha vez que estabamos a falar de ordinais, viñéronnos á cabeza os numerais multiplicativos, xa sabedes: dobre (coas variantes duplo, dupla), triplo, tripla (non serve *triple), cuádruplo, cuádrupla (*cuádruple é incorrecto), quíntuplo/a, séxtuplo/a, décuplo/a. Andabamos nestas cando nos demos conta dunha etimoloxía que temos que compartir convosco, por se non sodes coñecedoras e coñecedores... Sabiades que o verbo "traballar" vén do latín vulgar *tripaliāre*, que significaba "torturar"??!!! Pois este era un derivado do latín tardío *tripalium*, instrumento de tortura de tres madeiros. Levamos toda a vida a torturarnos contentas... Que feliz se é na ignorancia... Temos un amigo que di que traballo é o que é, que se o pagan é porque é traballo... Évos ben certo. Así e todo, Deus o dea... Ou será que nos teñen agarradas e agarrados polo estómago...?

Para pechar as descubertas de hoxe..., dirémosvos que estes días tamén demos cunha palabra que non sabiamos nin que a había! Estamos a falar de "sesquipedalismo"!!! Deriva da locución latina *sesquipedalia verba*, que significa "palabras redundantes, cun longo desmesurado" e o que as utiliza parece que gaña algún grao de excelencia... En resumo, que vos dirán moito do individuo ou individua que as estea a empregar. Pois ben, como estivemos a investigar sobre a palabriña, atopámola definida en moitos sitios como "a arte do rimbombante"... Ilústrenvos exemplos como utilizar "recepcionar", "direccionar", "aperturar", "sinalizar", "rigorosidade", "perigosidade", "obrigatoriedade" "finalización"...., en lugar de "recibir", "dirixir", "abrir", "sinalar", "rigor", "perigo", "obriga", "final"... Moitas delas nin sequera están recollidas no dicionario. A que tropezastes algunha vez con algunha destas formas? Nós atrevémonos a confesar que nalgunha ocasión incluso botamos man delas... Aí queda...

Felices cacharelas! Recordade que *polo san Xoán, a sardiña molla o pan*!!!